

Un discurso clave no proceso de canonización da obra de Rosalía de Castro: *La poesía regional gallega* (1885) de Emilia Pardo Bazán

*A very important speech in Rosalia of Castro's canonization process:
La poesía regional gallega (1885) by Emilia Pardo Bazan*

Diego PARDO AMADO

Universidade da Coruña
Departamento de Galego-portugués, Francés e Lingüística

dpardo@udc.es

[Recibido, decembro 2009; aceptado, xaneiro 2010]

RESUMO

O percurso histórico da recepción crítica da produción rosaliana pasa polas controvertidas aportacións de Emilia Pardo Bazán, cuxo contributo consolida un proceso de canonización que, malia as aspiracións de Manuel Murguía e da propia Rosalía de Castro, perpetra unha danifia e pernicioso interpretación da obra da poeta galega. Neste artigo, analizamos unha peza que foi clave na configuración do canon literario galego, abordándonos tamén os distintos elementos que condicionaron a postura da Condesa, as razóns da acerba polémica mantida co historiador compostelán e mais o escenario que esta situación deixou tras de si.

PALABRAS CHAVE: Emilia Pardo Bazán, crítica rosaliana, canonización, sistema literario galego, Rexionalismo.

PARDO AMADO, D (2010) "Un discurso clave no proceso de canonización da obra de Rosalía de Castro: *La poesía regional gallega* (1885) de Emilia Pardo Bazán." *Madrygal (Madr.)*, 13: 89-95.

RESUMEN

El transcurso de la recepción crítica de la producción rosaliana pasa por las controvertidas aportaciones de Emilia Pardo Bazán, cuya contribución consolida un proceso de canonización que, a pesar de las aspiraciones de Manuel Murguía y de Rosalía de Castro, perpetra una dañina y pernicioso interpretación de la obra de la poeta gallega. En este artículo, analizamos una pieza que fue clave en la configuración del canon literario gallego, abordando también los distintos elementos que condicionaron la postura de la Condesa, las razones de la acerba polémica mantenida con el historiador compostelano y el escenario que esta situación dejó tras de sí.

PALABRAS CLAVE: Emilia Pardo Bazán, crítica rosaliana, canonización, sistema literario gallego, Regionalismo.

PARDO AMADO, D.,(2010). "Un discurso clave en el proceso de canonización de la obra de Rosalía de Castro: *La poesía regional gallega* (1885) de Emilia Pardo Bazán." *Madrygal (Madr.)*, 13: 89-95.

ABSTRACT

The course of critical reception of Rosalía of Castro's work was influenced by Emilia Pardo Bazan, whose writing consolidates a process of canonization that, in spite of Murguía and Rosalia desires, perpetrates a harmful and pernicious interpretation of the Galician poet. In this article, we analyze an important text for Galician literature, considering different elements that determined the position of the Countess, the reasons of her polemic with Murguía and the subsequent situation.

KEY WORDS: Emilia Pardo Bazan, Rosalía's critique, canonization, literary Galician system, Regionalism.

PARDO AMADO, D., (2010). "A very important speech in Rosalía de Castro's canonization process: La poesía regional gallega (1885) by Emilia Pardo Bazán". *Madrygal (Madr.)*, 13: 89-95.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. Un discurso clave no proceso de canonización da obra de Rosalía de Castro. 3. Un longo ronsel de desencontros. 4. Parcialidade e temor. 5. Conclusión: Vestixios dunha velada polémica. 6. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

No espírito superior de Rosalía de Castro, ao modo de raios de luz que se recollen nun foco ou notas combinadas en conxunto harmonioso, únense os diversos xéneros de inspiración, segundo escribe Blanco García (1894: 239). O carácter excepcional da autora de *Follas Novas*, tan ben expresado nas liñas precedentes, aluma un renacemento cultural ao que numerosos intelectuais consagraron todos os seus esforzos e esperanzas, aspiración en que a Condesa de Pardo Bazán (1851-1921) desenvolve un papel limitado(r), só capaz de contemplar Galiza como curiosidade, como superficial e afastado pano de fondo. Contribúe a escritora coruñesa á recuperación do rico legado popular, que rendabiliza excepcionalmente na súa contística (Sotelo Vázquez, 2007: 293-314), e realiza un importante exercicio de crítica literaria en *De mi terra* (1888), mais a súa implicación é moito reducida, mesmo responsábel do silencio que posteriormente envolve a obra de Rosalía de Castro (Varela Jácome 1951: 411). O vínculo que liga este escenario e mais a actuación da Pardo Bazán alimentou a polémica con Manuel Murguía, de que

damos conta no presente artigo, determinando tamén o proceso de canonización da poeta de Padrón.

2. UN DISCURSO CLAVE NO PROCESO DE CANONIZACIÓN DE ROSALÍA DE CASTRO

Pouco despois do falecemento de Rosalía de Castro, o *Liceo de Artesáns* da Coruña organiza unha velada dedicada a honrar a memoria da autora de *Cantares gallegos*. Nesta altura, Emilia Pardo Bazán conta case trinta e catro anos de idade e será con motivo daquel acontecemento que debute como oradora, animada e aconsellada por Emilio Castelar, que tamén participa na homenaxe. Superado o medo escénico derivado desta situación, –a Condesa temía ficar sen forza na gorxa–, o 2 de setembro de 1885 pronuncia unha lectura pública sobre Rosalía de Castro¹ que, da nosa óptica, será determinante no seu proceso de canonización. Ademais, cómpre non pasarmos por alto que o propio Manuel Murguía non foi convidado á celebración, circunstancia que permite adiviñar a farsa do mesmo e lexítima as palabras do historiador galego acerca do carácter indecente daquela reunión, que califica de pantomima ao servizo da exaltación do ego da Condesa: (...) los que jamás se acordaron de Rosalía mientras vivía, entendieron que podía celebrarse una velada en su honor y tener un día de fiesta más en su pueblo" (Murguía 1896: 98). As pouco fluídas relacións persoais entre o historiador e Emilia Pardo Bazán convertéranse, a partir deste episodio, en inimidade pública e manifesta. Certamente, as crónicas que nos xornais da altura recollen a noticia desvelan que esta opinión de Murguía ten pouco de arbitraria ou inxusta; a descrición ambiental e mesmo o interese da noticia céntrase, entre outros elementos, na

¹ O discurso, xunto con outros traballos da autora, foi editado baixo o título *De mi terra* (1888). A súa publicación, de que di non mudar unha vírgula, ten moito de reafirmación da súa postura canto á literatura galega e aos protagonistas do noso Renacemento cultural. No entanto, as últimas investigacións levadas a termo por Rodríguez González (2009: 534-535) revelan a existencia dalgunhas correccións entre o manuscrito do discurso e mais a impresión do libro que, na opinión desta profesora, responden ao interese de Emilia Pardo Bazán minusvalorar o idioma galego e a súa literatura, nun contexto de crecente auxe do rexionalismo político. Ademais, as palabras contidas na "Corrección y posdata al discurso sobre 'La poesía regional gallega'" deixan ver o fondo de polémica que envolveu aquela celebración de homenaxe a Rosalía: "Por desgracia, en este Discurso, que fué mi primer lectura, pagué la novatada del escrúpulo, no permitiéndome borrar ni una cláusula, ni un concepto, de lo leído ante aquel auditorio cuyo indecible entusiasmo nunca olvidaré. Para evitar la tentación de tachar, limar y pulir, hasta huí de releer los borradores. Mucho influyó en esta línea de conducta el haber llegado á mi noticia que uno de los poetas regionales gallegos [refírese a Curros Enríquez], tratados con benevolencia en el Discurso, se dedicaba á escribir libelos contra mí, por lo cual me pareció que variando alguna parte de la oración, daría lugar á que creyesen también modificados ó cercenados mis elogios, cosa que no me estaría bien; y gracias á esta consideración un tanto quijotesca, miré el Discurso, escrito en el aire por mi voz, como si estuviese grabado en placas de bronce" (Pardo Bazán 1888: 299).

expectación provocada pola disertación de Emilia Pardo Bazán e a súa feliz estrea como oradora, ficando a suposta homenaxe á poeta morta nun discretísimo segundo plano: “Ni en las altas galerías del elegante coliseo ni en ninguna parte a donde se dirigiese la vista se descubría vacante una sola localidad; tal era el deseo de oír al rey de la palabra y saborear los profundos conceptos vertidos en el doctrinal discurso de la señora doña Emilia Pardo Bazán” (*La Voz de Galicia*, 4-IX-1885). E moito similar é a reseña que, con todo o luxo de pormenores e resaibo poético, Ricardo Caruncho escribe no *Diario de Avisos de La Coruña*:²

Eran las ocho de la noche cuando penetramos en el local, y ya el teatro se hallaba materialmente cuajado de gente. Por los pasillos se hacía imposible el paso, y en el pátio se luchaba por conquistar el asiento que quizá, el adquirirlo habría costado sinsabores é inauditos esfuerzos (...) En las galerías y paraíso no se veía ni un hueco; aquello era un mar de cabezas, semejando los murmullos y las conversaciones el ruido de las olas al batir contra las peñas, y el rumor que forman al deshacerse y estenderse por la playa convertidas en blanca espuma: (Caruncho 1885).

Así, perante un auditorio expectante, a escritora coruñesa dá comezo á súa peroración. As primeiras palabras semellan eloxiosas para a poeta morta, cuxo carácter verdadeiro é posto en relevo, mais axiña descubrimos o primeiro embate velado: “¡Cuán á menudo leemos ó escuchamos que Galicia es ingrata y desamorada con sus poetas; que los corona de espinos y zarzas mientras viven, otorgándoles á lo sumo un tardío aplauso al verlos bajar al

sepulcro!” (Pardo Bazán 1888: 13), situación que non se repite no caso de Rosalía, aclara a oradora. Se lermos nas entreliñas, dá a impresión de querer manifestar que a poeta xa foi coroada con loureiro de máis, que o seu valor foi xa suficiente e xustamente recoñecido, de modo que a veneración, mesmo tendo en conta o carácter do acto, está de máis³. Non obstante, esta apreciación bate con moitas outras, como a do propio Murguía, que denuncia a hipocrísia que agochan as palabras do exordio. Na súa opinión, “(...) la obra de Rosalía Castro no fue apreciada ni en su importancia absoluta, ni en la relativa a su tiempo y país. Limitóse todo a cuatro frases banales y como a regañadientes” (Murguía 1896: 100). Asemade, a cólera que a intervención da Pardo Bazán orixina no historiador fíca plasmada na serie de artigos que baixo o título “Cuentas ajustadas, medio cobradas” ven a luz en *La Voz de Galicia* ao longo de 1896. Transcorrida máis dunha década desde que o famoso discurso fora pronunciado, Murguía preferiu ter a certeza de non reaxir de forma impulsiva, de modo que opta polas sucesivas relecturas da disertación en *De mi tierra* (1888), analizando minuciosamente cada frase, reparando na semántica de cada palabra antes de asir a pena “(...) como quien coge un arma de combate, con ánimo de herir bien y hondamente al enemigo” (Murguía 1896: 120).

O ataque que Rosalía recibe provoca que o autor de *Los precursores* (1885) se sinta na obriga de saír na defensa da esposa, que acababa de ser sepultada no cemiterio de Adina cando ten lugar a homenaxe. Murguía considera que mesmo os ataques á súa persoa tencionaban ferir Rosalía, ían dirixidos ao matrimonio e ao que na Galiza do

² Para alén da crónica de Ricardo Caruncho, esta publicación recolle tamén dúas das composicións presentadas ao Certame literario na honra de Rosalía de Castro, celebrado pola Reunión Recreativa do Círculo de Artesáns na mesma velada do 2 de setembro de 1885. As composicións reproducidas son “Rosalía Castro”, de Manuel Thuos, e máis “A Rosalía Castro de Murguía”, de Lino Calderón Portela, gañador do primeiro accesit en verso castelán. O primeiro premio das poesías en galego foi concedido a Xoán Barcia Caballero, o segundo premio e accesit nesta modalidade foi para Francisco María de la Iglesia. Por seu lado, Antonio Romero Castiñeira acadou tres mencións de poesías castelás e das galegas Alfredo Gar Loriga, Antonio Álvarez Novoa, Narciso Díaz Escobar, Rogelio Cibeira, Daniel Álvarez, José Rodríguez Pérez, Lisardo Rodríguez Barreiro, Adolfo Mosquera, Manuel Martínez e Fernando Pérez Acuña. No acto, Ángel Taibo e Pérez Ballesteron ocupáronse da lectura dalgunhas das poesías premiadas. Cfr. *La Voz de Galicia* (4-IX-1885). Cfr. tamén con estouta crónica xornalística: “Abierta la sesión por la presidente, leyó ésta un magnífico, galano, elocuente y erudito discurso, sobre la region gallega, origen del dialecto, poetas que mas se distinguieron y aspiraciones del pueblo, que cautivó al público por la belleza de la forma, lo castizo de la estructura, profundidad de pensamiento y gráfica descripción del país y sus habitantes. La lectura de tan importante documento, nueva joya que la de Pardo Bazán engarzó en su riquísima corona literaria, fué oído con religioso silencio, interrumpido no mas que por frenéticos y prolongados aplausos que por largo tiempo resonaron en el local despues de terminar su lectura (...) Vuelto á la realidad, convencido el auditorio de que aquel grandioso acto habia terminado, aplaudió con frenesí, lanzando al espacio un sonoro viva á *Castelar* y otro á Emilia Pardo Bazán” (Caruncho 1885). Cfr. tamén “El Discurso de la señora D.^a Emilia Pardo Bazán” in *La Voz de Galicia* (5-IX.1885).

³ Cfr. con posteriores percepcións: “La vida de esta mujer genial, pródiga en dolores, no contó ni con la recompensa de esa veneración que otros pueblos tributan a sus cantores. Galicia –siempre poco efusiva para con sus hijos ilustres-, le dió, ya muerta, un buen enterramiento, pero cuando viva no le ofreció en copa demasiado grande el fuerte vino de la gloria, que hace olvidar algunas cuitas” (Fernández Flórez 1929: 10).

Rexurdimento ambos simbolizaban: “Desde luego confieso que si yo no hubiese sido el esposo de Rosalía Castro, o ésta no hubiera escrito una sola línea, es más que probable, seguro, que nuestra distinguida paisana no se molestaría en ocuparse de mí” (Murguía 1896: 67)⁴. Ademais, a contestación de Murguía descóbrenos aspectos interesantes do que debeu de ser sospeita incesante ao longo da vida profesional da poeta, isto é, a acusación de que era el quen escribía as obras da súa muller ou propiciaba a súa boa acollida: “Lo único de que cuidé fue de que no pudiese acusárseme nunca de haberlos fabricado con mis propias manos [os éxitos de Rosalía] ni menos pedido a nadie, para ella, el más pequeño elogio” (Murguía 1896: 69). Alén disto, insiste en que é o responsábel de que a obra da poeta fose dada ao prelo, mesmo en contra da vontade da escritora, afirmación que resulta difícil de subscribir no caso dunha muller que se propón firmemente vivir profesionalmente da literatura⁵. Por esta razón, inclinámonos a pensar que se trata dun dos moitos “mecanismos de defensa” que o matrimonio tan habilmente emprega, substancialmente rendíbeis á hora de Rosalía burlar censuras varias. Igualmente, forma parte daquel baluarte defensivo a insistencia con que Murguía incide na humildade da súa esposa, decote retratada como a escritora allea a triunfos e gloria póstuma, feliz dentro dos muros do fogar. Antagónicamente, a figura de Emilia Pardo Bazán, por veces sen a nomear⁶, emerxe como paradigma ao contrario, distinguida pola vaidade e a ansia de brillar a calquera prezo. Non obstante, xulgamos que o historiador esgrime estes argumentos só a modo de escudo seguro face aos embates indiscriminados, unha vez que, no século XIX, a aceptación social de tales manifestacións podía proporcionar folgos ao casal. Ademais, consideramos que caracterizar Emilia Pardo Bazán daquel modo significaba tamén diferenciar dous proxectos radicalmente opostos: o servizo e fidelidade á patria que definiu a actuación do matrimonio, de forma ininterrompida e cunha intensidade que admira, face ao ego-centrismo e presunción da escritora coruñesa, que impedían o compromiso con ningún proxecto político ou cultural que non alimentase aquelas propie-

dades infecundas (Murguía 1896: 72). Verdadeiramente, Manuel Murguía sentíase na obriga de impugnar as palabras de Emilia Pardo Bazán, debía reprobar adecuadamente tanto os silencios da súa disertación como a aparente glorificación da intelectual malograda, resolto o autor de *El Ángel de la muerte* a descubrir e divulgar a súa verdade dos feitos:

(...) ya había puesto en práctica el sistema de las piadosas restricciones, atenuaciones, y reservas mentales, el día en que habló de Rosalía Castro, en apariencia con la satisfacción de quien lleva a cabo una obra meritoria, en realidad con la complacencia del que echa sobre el sepulcro del enemigo, larga y hondamente odiado, el último puñado de tierra que le cierre la boca para siempre: (Murguía 1896: 70).

3. UN LONGO RONSEL DE DESENCONTROS

Os desencontros transcenden ao plano persoal e teñen a súa xénese moito antes de o *Liceo de Artesáns* organizar a polémica velada. Murguía lembra a crueldade da Pardo Bazán, que fai ostentación da súa riqueza cando o matrimonio atravesara por diversas dificultades e reside na Coruña, moito perto da casa da Condesa na rúa Tabernas. Rosalía, xa fatalmente doente, non recibe visita ningunha da insigne escritora, que deliberadamente fai alarde da súa alegría baixo as xanelas de quen tanto estaba a padecer (Murguía 1896: 95), cuxa opinión sobre a Condesa é reproducida polo esposo, valioso custodio da súa memoria:

Y lo que ella decía, cuando recordaba tales miserias: –esa desgraciada no debía olvidar nunca que al pasar de mis manos a las suyas las *Obras completas* de Ozanan–, tuvo la idea de escribir *San Francisco*. Algo me debe. Sin mis desventuras ni ella conociera aquel autor, ni hubiese escrito su libro (Murguía 1896: 96).

Malia a recriminación semellar banal, cómpre considerármola como só a punta dun *iceberg* ao que se suma a falta de agradecemento após Rosalía

⁴ Cfr. Vidal 1998: 30,31.

⁵ Cfr.coas palabras de Rosalía a respecto da súa profesión e motivacións: “Trabajo, pues, amigo Pondal, por que las circunstancias me obligan a ello y al trabajar, lo hago como puedo y sé, en aquello que *siento* y es más grato a mi corazón: el enaltecimiento de nuestra amada Galicia” (Ferreiro 1991: 101).

⁶ Cfr. Murguía 1909: 11.

colaborar na *Revista literaria* que a Condesa dirixía, negándose posteriormente a encabezar a suscripción que tiña como obxecto o sufraxio dos gastos do mausoleo que se lle ergueu á poeta de Padrón. Así, o escritor compostelán considera o *Discurso* da Pardo Bazán como máis unha afronta que sumar ao ronsel de contrariedades. Nel, a Condesa celebra a publicación de *Cantares gallegos* (1863), en que Rosalía consegue maxistralmente a expresión lírica dos sentimentos femininos mais, segundo xulga, sen superar ningunha das súas composicións o célebre poema pondaliano “A campana de Anllóns”, do escritor tamén aristócrata a quen a coruñesa dedicara un eloxioso capítulo en *De mi tierra* (1888). Se o primeiro poemario en galego da nosa escritora foi tan contidamente celebrado, peor sorte correrá o segundo. Da fiel reprodución do espírito popular que alberga a primeira das obras, en que predomina o elemento idílico e rústico que dona Emilia considera esencial do verdadeiro carácter do Renacemento rexionalista (Pardo Bazán 1888: 33), en *Follas Novas* (1880) Rosalía de Castro desenvolverá unha poesía de cariz metafísico, evolución ben incómoda que certamente provoca que a Condesa sentencie que esta obra se limita a repetir queixumes carentes de orixinalidade (Pardo Bazán 1888: 33). Con efecto, a nosa poeta estaba a quebrantar conscientemente unha noción tacitamente asentada para a literatura galega: o tratamento de temática exclusivamente folclórica. Mais Rosalía de Castro concibe o idioma galego na súa dimensión máis universal, opóndose aos límites que pretendían apagar as súas infinitas posibilidades expresivas⁷, actitude que non só foi suscrita pola autora de *Los pazos de Ulloa*, como Carvalho Calero pondera:

Os *Cantares*, agás certas incompreensións, foron afervoadamente apraudidos. Aquiles que se intresaban pola literatura e o folk-lore galegos non podían menos de saudar gaiosamente unha obra maxistral no seu xénero. Os que cifraban o seu orgulo en realizar unha obra artística de ares máis universás, e vestían a súa inspiración á moda de París ou de calquera outra capital europea, non tiñan motivos de alarma. Estaba ben que unha fidalguiña provincía

espresase en graciosos versos os sentimentos dos labregos. Rosalía non entraba no seu tarreo. Iles non ían descer a isas miucias. Podía, pois, contar, humilde como era, coa súa magnánima benevolencia. Aprobáron a poesía dos cantares, chea de feminidade e diminutivos. A poesía galega podía continuar desenrolándose por ises camiños. E continuou. Os seguidores de Rosalía, non xa as mulleres, senón tamén os homes, subraiaron a nota tenra, sentimental, graciosa que constituíe o enlevo dos cantares. O mesmo Francisca Herrera Garrido que Valentín Lamas Carvajal. Este tipo de poesía foi o que recibiu o *placet* académico (Carvalho Calero 1955: 28, 29).

4. PARCIALIDADE E TEMOR

Avanzándonos na análise dun discurso que aspira a ser imparcial exercicio de crítica literaria, a súa autora acaba por non recoñecer o valor global que a produción rosaliana posúe, razón que explica que un poemario da altura de *En las orillas del Sar* non sexa nin mencionado, reducindo tamén a categoría de *El caballero de las botas azules* a un “ensayo de novela”. Na realidade, este posicionamento debe ser analizado considerándonos a opinión que Emilia Pardo Bazán manifesta a respecto da literatura galega renacente e do movemento político que a acompaña, cuxos integrantes non dubida en designar mediante un sintagma altamente despectivo: “jauría rexionalista”.

De por parte, o que formalmente é un discurso na honra da máis grande poeta galega da Historia, convértese nunha advertencia sobre o risco que as literaturas rexionais entrañan e, por conseguinte, do inminente perigo que a obra de Rosalía de Castro pode comportar; así mesmo, posterga o Rexurdimento galego á *Reinaxeña* catalá, atribuíndo ao despertar cultural galego menor puxanza. Claramente, non acredita a autora de *Los pazos de Ulloa* na literatura galega, aspecto que acha o seu correlato na mesma práctica literaria da aristócrata, sempre adscrita ao sistema literario español. De feito, tampouco cre nas posibilidades expresivas do idioma de Galiza, ao que dedica o capítulo titulado “¿Idioma o dialecto?”, contido no volume *De mi tierra* (1888), con reveladoras reflexións ao respecto⁸. No canto de se sumar á revolución cultural

⁷ Cfr. coa opinión de García Martí: “(...) la copia de esa fisonomía tradicional y pintoresca de nuestro país en el libro de los “Cantares” no quiere decir, como afirma la Pardo Bazán, que éste sea el mejor libro de Rosalía. Desde el mismo punto de vista de ser expresión de Galicia, para nosotros es, sin duda, de más valor el libro de “Follas Novas”, porque si aquél vale como expresión de la vida popular, el otro vale como expresión del alma de aquel país” (1944: 161).

⁸ Cfr. coas observacións de Sanmartín Rei (2009: 148, 149) acerca dos argumentos que Emilia Pardo Bazán esgrime para impedir que o galego se convertese en lingua de prestixio, reinterpretados por Ramón Vilar Ponte no seu discurso de ingreso na *Real Academia Galega*.

que estaba a ter lugar, enfraquece toda tentativa de restauración baseándose no argumento de que os intelectuais que a protagonizaron non tiñan como lingua primeira o galego. Negar a lexitimidade da defensa do idioma en virtude deste argumento era tanto como impedir que reocupase o lugar que historicamente lle correspondía, xa que dado o estado de falta de conciencia lingüística, cultural e política das masas populares, só a *intelligentsia* nacional estaba en disposición de emprender proxecto de tal magnitude. Por esta razón, do noso punto de vista, a máxima de Juan Valdés a que alude Pardo Bazán no seguinte fragmento posúe idéntico significado se a aplicarmos á finalidade procurada polos protagonistas do noso Rexurdimento: ilustrar e enriquecer a lingua que é natural á esmagadora maioría do pobo galego; conseguir que este idioma, a longo prazo, fose escrito por quen tamén o falaba como primeira lingua e evitar o bárbaro espallamento do español:

Hoy el gallego posee, como el catalán y el provenzal, una nueva literatura propia; pero á diferencia de estos dos romances meridionales, el gallego no lo hablan los que lo escriben. Esta anomalía curiosa hace que, para los nacidos en tierra galaica, llegue á ser ambigua y difícil la recta interpretación de aquella elocuente cláusula de Juan Valdés, en su *Diálogo de las Lenguas*: “Todos los hombres somos más obligados á ilustrar y enriquecer la lengua que nos es natural y que mamamos en las tetas de nuestras madres, que la que nos es pegadiza y que aprendemos en los libros” (Pardo Bazán 1888: 296).

Finalmente, debemos notar que un dos maiores perigos que a Condesa detecta reside na consideración de Galiza como patria, imaxe que a literatura galega comeza a proxectar. Ao modo de “Cuatro pals de sanch”, en que Víctor Verdaguer se laia da mingua do pendón das barras que representa o blasón heroico do seu país, Rosalía expresa idénticos sentimentos nos versos de “Castellanos de Castilla” e mais na composición que responde á *Gaita Gallega*, de Ruiz de Aguilera, segundo aquela escritora sinala. O contido de ditas composicións desata o seu temor, xa que “(...) si estas quejas no son mero juego retórico, si, como es de

creer, expresan una aspiración sincera, contenida en el movimiento intelectual de Galicia, tenemos que reconocer que el renacimiento lleva en sí un germen de separatismo” (Pardo Bazán 1888: 40), razón por que desexa que a semente non fructifique de modo ningún, lamentándose de que romper a unidade da patria sería aínda máis grave que esnaquizar o idioma e o pensamento artístico nacional.

5. CONCLUSIÓN: VESTIXIOS DUNHA VELADA POLÉMICA

O proceso de canonización de Rosalía de Castro está fortemente influído polo *Discurso sobre la poesía regional gallega*, que a Condesa de Pardo Bazán pronuncia en 1885. A repercusión mediática deste acto foi considerábel, notablemente reforzada após a súa impresión no volume *De mi tierra* (1888), difusión que, ao noso uízo, determinou o rumbo da crítica a partir daquela altura, con consecuencias especialmente lamentábeis nas aportacións producidas fóra de Galiza. A polémica mantida entre a Condesa de Pardo Bazán e Manuel Murguía é só un ilustrativo exemplo da pugna entre dúas concepcións ideolóxicas irreconciliábeis⁹, con excesos dialécticos desde ambas as fronteas.

As consideracións da autora coruñesa na velada organizada polo *Liceo de Artesáns* nin sitúan Rosalía no lugar que lle corresponde na literatura galega, nin recoñecen o valor que como escritora en lingua española debe ocupar neste sistema cultural. Asemade, a finalidade da intervención da Pardo Bazán non foi en absoluto a louvanza, mais tampouco primou a imparcialidade e a meticulosidade como principio reitor da crítica literaria nas súas palabras, pouco exactas e inxustas. A súa intervención resulta ser a exhibición dun posicionamento claramente contrario á padronización da lingua galega, que había permitir consolidar un sistema cultural propio ou ao desenvolvemento de formulacións políticas que contemplaban a especificidade galega nun primeiro plano, debates en que a *intelligentsia* galega do oitocentos participa acesamente.

⁹ Valera defenderá teses similares ás sostidas por Emilia Pardo Bazán, recollidas na *Revista Crítica* en 1896. Manuel Murguía inicia unha polémica co escritor español: “Valera ‘transixe’, en expresión de Carvalho Calero, cunha literatura galega local, dialectal, vulgar e popular mais para o resto da literatura séria recomenda que se integre na literatura portuguesa. A contestación de Murguía non se fai esperar e é divulgada o 15 de agosto de 1896 desde as páxinas de *La Voz de Galicia*. Carvalho Calero (1977), nunha análise lúcida desta cuestión, insiste nos ataques camuflados que Murguía realiza contra a Pardo Bazán, quen sería para o egrégio profesor o asesor de Valera” (Rabüñal 1999: 85).

A autora de *Los pazos de Ulloa* é tamén consciente do decisivo momento en que as súas palabras serán difundidas, plenamente convencida da necesidade de limitar a proxección de Rosalía de Castro e da súa obra, xa que esta significou nada menos que a creación dunha lingua, unha literatura e mais unha patria, como Alfredo Vicenti había proclamar tres décadas máis tarde a respecto da primeira obra en galego de Rosalía. É tal o entusiasmo que *Cantares gallegos* xera que a súa difusión traspasa as nosas fronteiras e posibilita unha segunda edición da obra, a única de toda a produción rosaliana que a escritora testemuña; representa o estímulo necesario e tamén a referencia fundacional que aquel movemento cultural con anhelos de perduración demandaba, xa que é simultaneamente punto de chegada e de partida. Desde esta perspectiva, *Follas Novas* foi saudado como unha conquista capital, froito vizioso da eclosión plena que tamén alentará a publicación doutras das grandes obras daquel século, como *Queixumes dos pinos* (1886), reelaboración en clave nacional que o bardo da Ponteceso realiza do seu *Rumores de los pinos* (1877).

Mais esta tendencia, a da esperanza nunha literatura galega que se configura arredor dos textos fundacionais de Rosalía de Castro, a da difusión e

exaltación dunha “boa nova” de tal transcendencia e sobre todo a confianza de que o contido reivindicativo daqueles escritos tivese tamén unha aplicación práctica, conviviu coa corrente representada por Emilia Pardo Bazán. Nestoutra doutrina, *Follas Novas* significaba o cruzamento dunha fronteira que comprometía a hexemonía do sistema literario español en Galiza, era a demostración definitiva de que o idioma galego era unha ferramenta útil e eficaz ao servizo dun proxecto transformador da sociedade. Así, foi a percepción de que o Renacemento cultural galego representaba unha ameaza o que explica que a repercusión e fortuna crítica de *Cantares gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880) correse distinta sorte, como en termos xerais tamén aconteceu no caso da obra en verso e en prosa, así como en aspectos referidos á significación global atribuída á produción rosaliana en vida da autora e após o seu pasamento. En definitiva, o extraordinario consenso que acerca de Rosalía de Castro existía fica nefastamente descomposto nas décadas seguintes á súa morte, presentes os ecos pardobazanianos en todo o torrente crítico dos derradeiros anos do século XIX e mais en todo o século XX.

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BLANCO GARCÍA, F. (1894): *La literatura española en el siglo XIX*, Sáenz de Jubera Hnos., Madrid.
- CALVO, T. (Ed.) (2000) *Murguía e La Voz de Galicia*, La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega, A Coruña.
- CARUNCHO, R. (1885): “La velada del miércoles” in *Diario de Avisos de La Coruña*, n.º 8.337, 4-IX-1885.
- CARVALHO CALERO, R. (1955): *Sete poetas*, Galaxia, Vigo.
- FERNÁNDEZ FLÓREZ, W. (1929): “Prólogo” de *Los poetas*. *Antología*, Madrid.
- FERREIRO, M. (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)*, Laidvento, Santiago de Compostela.
- GARCÍA MARTÍ, V. (1944): *Rosalía de Castro o el dolor de vivir*, Ediciones Aspas, Madrid.
- MURGUÍA, M. (1896): “Cuentas ajustadas, medio cobradas” (20-X-1896 – 27-XII-1896) in CALVO, T. (Ed.) (2000) *Murguía e La Voz de Galicia*, La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega, A Coruña.
- PARDO BAZÁN, E. (1888): *De mi tierra*, Tipografía Casa de Misericordia, Madrid (Utilizamos a Reprod. facs. de Edicións Xerais de Galicia, 1984)
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, O. (2009): “Emilia Pardo Bazán y la literatura gallega” in *Congreso Internacional La Literatura de Emilia Pardo Bazán*, Fundación Caixa Galicia/ Casa Museo E. Pardo Bazán, A Coruña.
- SANMARTÍN REI, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*, Xerais, Vigo.
- SOTELO VÁZQUEZ, M. (2007): “Emilia Pardo Bazán y el folklore gallego” in *Garoza: revista de la Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular*, n.º 7.
- VARELA JÁCOME, B. (1951): “Emilia Pardo Bazán, Rosalía Castro y Murguía” in *Cuadernos de Estudios Gallegos*, n.º 6.
- VIDAL, F. A. (1998): *Manuel Murguía*, Toxosoutos, Fasquía, n.º 2, Noia.